

LOS GOLFOS

Carlos Saura, 1959

1286

ESTREA EN NUMAX: 07.05.2024 | V.O. | 87 min

Julian, Ramon, Juan, El Chato e Manolo son un grupo de amigos que sobreviven como poden nos arrabaldes de Madrid. Un deles quere ser toureiro, e os seus amigos dan pequenos atracos para poder pagar o debut de Juan.

Unha xoia do cinema clásico español.



Carlos Saura e a censura

Por José Jurado Morales

O nacemento en plena Segunda República e a súa incorporación pública ao mundo artístico nos anos cincuenta fan de Carlos Saura un neno da guerra e un integrante de pleno dereito da xeración do medio século. Estas dúas referencias cronolóxicas e vitais explican o tenor dun cinema (tamén da súa fotografía e a súa literatura) concibido desde un principio como unha resposta ética e política ás cadeas impostas polo franquismo. O compromiso cun tipo de cinema ligado ao seu momento histórico atopa as súas raíces en certos feitos existenciais e formativos previos mesmo ao seu primeiro documental de 1958, *Cuenca*, e á súa primeira longametraxe de 1959, *Los golfos*. (...) Deixando á beira proxectos previos ligados aínda ás prácticas na súa etapa no IIEC, xa *Los golfos*, a súa primeira longametraxe rodada en 1959, tópase co muro do control cinematográfico franquista. O debuxo realista dun Madrid de arrabaldes, chabolas e suburbios, poboado de mozos delinquentes que rouban e atracan para axudar a un deles na súa carreira taurina non convence a unha censura que prohibe o guión ata en catro ocasións. Resulta curioso que a película se estree en Cannes en versión íntegra e que logo sufra recortes por un total de dez minutos. Saura comentou que a primeira frase que a censura tacha do guión consiste nunha que pronuncia un mozo apoiado nun póster á tardiña e con Madrid ao fondo: «É difícil chegar a ser alguén aquí»

Bandeira do Novo Cinema Español

Por Román Gubern

Non é doado falar da obra oceánica de Carlos Saura. Como Jean-Luc Godard, paradigma da inflexión dos novos cinemas que iniciaron a modernidade estética neste campo creativo, Saura, tamén desde a súa proposta renovadora de *Los golfos* (1959), leva xa sete décadas consecutivas de actividade creativa intensa e fecunda —ás veces con dúas longametraxes nun ano—, por non mencionar a súa creación fotográfica, novelística, gráfica e escénica. *Los golfos* foi un punto de encontro da revelación testemuñal neorrealista, que chegou con contagotas a España, e o impulso estético creativo —eco da *révolte* parisiense—, que xa asomara na actividade fotográfica e documental de Saura. Desde entón, a súa obra sería unha bandeira de enganche para o que se chamaría máis tarde «novo cinema español».

Realismo crítico e comedia bufa

Por Tasio Camiñas Hernández

Los golfos, filme presentado no festival de cinema de Cannes en 1960 e estreado en Barcelona en 1961 e en Madrid en 1962 tras render contas coa censura franquista, é unha das películas que vén revolucionar o cinema español de posguerra e a introducir os postulados dun certo realismo crítico que, inspirado en tendencias como o neorrealismo italiano ou a Nouvelle Vague francesa, ía dar lugar ao chamado, de forma un tanto xenérica, Novo Cinema Español. Tras esta corrente cinematográfica áchanse, en xeral, novos produtores e autores que apostan neses primeiros anos 60 por facer un cinema de clara oposición ao réxime de Franco, aproveitando un certo aperturismo do mesmo no ámbito cinematográfico levado a cabo por José María García Escudero, director xeral de Cinematografía e Teatro. Para poñer en evidencia a realidade social de entón, coas súas enormes inxustizas e rancores, utilizarán a linguaxe e o estilo estéticos do realismo crítico e grandes doses de simbolismo mesturados case sempre con trazos da comedia bufa, o sainete ou o esperpento de Valle-Inclán, co propósito non só de afianzar unha forma de facer cinema, senón tamén como medio de tratar de eludir no posible a feroz censura político-relixiosa imperante entón.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Carlos Saura,
Carlos Saura.
La Fábrica, 2018

*El reverso de la
censura,*
Lidia Mateo Leiva.
Cendeac, 2020

*De imágenes también
se vive,*
Carlos Saura.
Taurus, 2023